

Boletín CAIA 02

agosto 2023



“Estase a negociar o noso futuro e deberíamos ser parte”

Nas Conferencias de Nacións Unidas sobre o cambio climático, xeralmente non se da voz a infancia e adolescencia. Sen embargo, este é un tema que preocupa a infancia e que ten repercusións innegables nas futuras xeracións.



A Plataforma de Infancia e Amnistía Internacional asinan un convenio para traballar na defensa dos dereitos humanos e da infancia

Este convenio é unha oportunidade para que ambas organizacións colaboren e reforcen o seu traballo, situando os dereitos da infancia no centro da análise dos dereitos humanos. Permitirá ademais establecer sinerxías en torno a campañas, formacións ou colaboracións en materia de sensibilización, activismo, divulgación...



A carencia material severa en nenos, nenas e adolescentes acada cifras históricas en España

Segundo os datos da última Enquisa de Condicións de Vida (ECV) 2023, a carencia material severa para nenos, nenas e adolescentes tivo o dato máis alto desde 2008. España é o terceiro país da Unión Europea con máis taxa AROPE entre os nenos, nenas e adolescentes menores de 18 anos.



O Real Decreto Lei sobre Conciliación: positivo, pero lonxe de traspoñer completamente a directiva europea

A Plataforma de Infancia solicitou sen resposta en distintas ocasións da anterior lexislatura que se traspuxera a Directiva cun enfoque de infancia, adaptándose as necesidades específicas das familias con maiores dificultades para conciliar.



Primeiros resultados do proxecto de protección a infancia dende o local

O pasado 13 de xullo presentáronse, nunha sesión online, os principais descubrimentos da primeira fase de análises do proxecto de protección á infancia realizada en tres comunidades autónomas e con oito municipios participantes durante o ano 2022.



A obesidade infantil e a saúde mental serán prioridades da Presidencia española da UE

O ministro de sanidade, José Miñones, destaca o programa “Patios Abertos-En Plan Ben”, como parte do Plan Estratéxico Nacional para a Redución da Obesidade Infantil (2022-2030).



Deporte e Infancia: así previmos as situacións de violencia

A LOPIVI pide que traballemos conxuntamente para construír espazos seguros e protectores para a infancia. Son os municipios, as federacións e clubs que xestionan as instalacións as responsables de que estes espazos sexan seguros e protectores para a infancia tal como nos conta Iñaki Alonso nesta sesión informativa sobre as claves para previr a violencia de xénero no ámbito do deporte.

Experiencias noutros territorios



A comisaria europea do interior pide unha regulación para que a UE non sexa «porto seguro» do abuso sexual infantil en internet

Segundo estimacións do Consello de Europa, 1 de cada 5 nenos e nenas da Unión Europea sufriu abuso sexual infantil desde internet.



O Foro de Participación da Infancia e Adolescencia de Castela e León presenta o borrador do seu regulamento interno

O regulamento busca dotar a este espazo de diálogo e encontro dunhas normas, designadas polos propios membros para que exista un bo funcionamento do grupo.



Os ODS no Foro de Participación da Infancia e Adolescencia de Castela e León

No último encontro presencial en Valladolid, os rapaces e rapazas do Foro de Participación da Infancia e Adolescencia de #CastillaLeón contaron que accións realizan para cumprir cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e concienciar así ao resto da sociedade.



Encontro de nenos, nenas e adolescentes “Nuestra voz”

O Consello de Infancia e Adolescencia do Ararteko (Defensoría do Pobo, no País Vasco), organizou os días 27 y 28 de xuño en Bilbao o primeiro encontro de nenos, nenas e adolescentes “Nuestra Voz”, no que participarán 17 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre 14 e 17 anos, procedentes de sete comunidades do Estado: Andalucía, Aragón, Canarias, Cataluña, Valencia, Euskadi e Navarra.



Oficina de Infancia e Adolescencia da Defensoría do Pobo Vasco

Na súa web podes atopar información, traballos e documentos oficiais que se fixeron dende este órgano de participación infantil encargado de asesorar ó defensor/a do pobo no País Vasco.



Sabías que existe un programa semellante a “Cidades Amigas da Infancia” fóra de España?

Por exemplo o programa “Cidades Amigas das Crianças” de UNICEF Portugal, no que actualmente participan 40 cámaras municipais, busca tamén contribuír á realización dos dereitos dos mozos, mozas e adolescentes do país veciño.



Coordinadora nacional de nenos, nenas e adolescentes traballadores PARAGUAY

Fora das fronteiras europeas existen moitas outras experiencias de participación, coma esta na que un grupo nenos, nenas e adolescentes traballadores/as paraguaios/as loitan por uns dereitos dignos e a defensa dos menores do seu país.



Rede Europea de Xóvenes Asesores (ENYA)

O ENYA é un proxecto a nivel europeo que consiste en ceder espazos e dar voz ós e ás nenos/as e adolescentes máis aló das fronteiras nacionais, a nivel europeo. A intención é que podan axudar a traballar a ENOC (Rede Europea de Defensores da Infancia) formada polos Defensores do Pobo, ou Infancia, de diferentes países europeos.